# Concello de Lourenzá

| | ACTA |
|---|---|

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| JGL/2021/6 | La Junta de Gobierno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Ordinaria |
| **Data** | 25 de xuño de 2021 |
| **Duración** | Desde as 10:00 ata as 10:50 horas |
| **Lugar** | Despacho da Alcaldía |
| **Presidida por** | rocio lopez garcia |
| **Secretario** | Begoña González Pedregal |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---|---|---|
| **DNI** | **Nome e Apelidos** | **Asiste** |
| 33321327P | JAVIER HUERTAS OTERO | SÍ |
| 71865319W | MANUEL ARANGO RON | SÍ |
| 77593740C | MERCEDES DENGRA SIXTO | SÍ |
| 76580879X | ROCÍO LÓPEZ GARCÍA | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

| APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 28/05/2021. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Preguntados os membros da Xunta de Goberno, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior

de data vinte e oito de maio do dous mil vinte e un (28/05/2021), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

**Expediente 479/2019. SOLICITUDE LICENCIA PINTURA FACHADAS E REVESTIMENTO CHEMINEA DE D. ANDRES MOIRÓN GARCÍA.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. ANDRÉS MOIRÓN GARCÍA,** con NIF. ****9313-J, con domicilio no lugar de Soutelo, núm. 14, parroquia de Santa María (Lourenzá), con data 01/02/201 sendo rexistrado co núm. 204, para a realización das obras consistentes en **PINTADO DE FACHADAS E REVESTIMENTO DE CHEMINEA CON PEDRA NATURAL,** no lugar de Soutelo núm. 14, parroquia de Santa María (Lourenzá), con referencia catastral 27027B005013320001BQ, na parcela Núm. 1332 do polígono 5 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Norte, no punto kilométrico 32,00 marxe esquerda da Estrada LU-122 Paraxes (LU-120)-Lourenzá (N-634) e na zona de policía de leitos públicos da marxe esquerda do Río Batán e na zona de servidume e de policía de leitos públicos da marxe dereita dun regato innominado, para o que acompaña Memoria Técnica de data Xaneiro/2019, redactada por Dª. Angeles Moirón Fernández, arquitecta técnica colexiada núm. 621

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 18/06/21 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Non Urbanizable Común.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Consta no expediente informe favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural, Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo de data 01/06/2021, Núm. Ref. 82/2021, no que literalmente consta:

*"As actuacións pretendidas en vivenda sita en Soutelo núm.14,pola súa escasa entidade non supoñen un menoscabo dos resultados do proceso concentrador dado que afectan unicamente a unha construción e non á parcela na que se ubica, polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias non se formula oposición, sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación*

*vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos, o que corresponderá ao órgano competente para conceder a licenza que puidese corresponder."*

- Consta no expediente o informe del Organismo Autónomo de Augas de Galicia, *Expediente* DH.W27.6938 de data 25/01/2021, no que figuran, literalmente, as seguintes condicions xerais y particulares:

"*A.-XERAIS:*

*1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.*

*2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.*

*3.-Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.*

*4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.*

*5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.*

*6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.*

*7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.*

*8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.*

*B.-PARTICULARES:*

*1.-As actuacións que se autorizan consisten en varias obras de acondicionamento e mellora na vivenda existente e na urbanización do*

*predio con referencia catastral 27027B005013320001BQ, no lugar de Soutelo,na parroquia de Santa María de Lourenzá no Concello de Lourenzá (Lugo) y en concreto, as obras son as seguintes ( se indican nada más las que son obxecto de la presente licencia):*
*a)Pintado dos paramentos da vivenda .*
*b)Revestimento de zócalo e cheminea da vivenda con pedra natural, en taco, de cuarcita de 15 cm. de espesor.*
*As obras afecta á zona de policía de leitos públicos da marxe esquerda do río Batán e á zona de servidume e de policía de leitos públicos da marxe dereita dun rego innominado.*
*2.- A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos. (5 m. medidos a partir do bordo ocupado polas augas nás máximas enchentes ordinarias dos ríos o regatos), quedando en todo caso expedita.*
*3.- O titular será responsable de manter a funcionalidade da zona de servidume. En todo caso deberá manterse o paso libre por esa zona.*
*4.- Para a realización dos traballos non se invadirán os leitos públicos con maquinaria nin se vadearán.*
*5.-Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas da vexetación de ribeira, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de conca.*
*6.- De xeito xera, as obras non poderán alterar o réxime hidrolóxico da zona e as augas discorrerán polo lugares polos que o farían de xeito natural.*
*7.- O titular das actuacións será responsable da drenaxe das augas que inflúan de xeito natural ó ámbito de actuación sen que a disposición das obras realizadas poida producir efectos prexudiciais por esta causa noutras parcelas ou no dominio público hidráulico.*
*8.- Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas, polo que as actuacións se executarán en condicións climatolóxicas favorables. No caso de ser necesarios durante a execución das obras, instalaranse sistemas físicos-barreiras .*
9.*-Durante a execución das obras e unha vez rematadas, non se depositarán materiais ou residuos no leito nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable do rego), nin en lugares susceptibles de incorporarse a él durante as enchentes ou por episodios de choivas.*
*Extremeranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.*
10*.-Durante a execución das obras evitaranse o vertido de produtos contaminantes ou materiais de obra cara aos leitos, na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar no que poda ser alcanzado polas enchentes ou durante os episodios de choivas (zona de servidume,*

*zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable).De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río,restos de limpeza da fachada, dos morteiros aplicados ou formigón ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria en construción.*
*11.- En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais, establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de septiembre* *por el que se establecen los criterios de seguimiento y evaluación del estado de las aguas superficiales e las normas de calidad ambiental* *e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de octubre,* *por el que se regula la protección de las aguas subterráneas contra la contaminación y el deterioro.*
12.- Os residuos xerados durante a actuación deberán ser xestionados adecuadamente de acordo coa lexislación vixente.
13.- *No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, estadas ou estruturas auxiliares temporais similares adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos e non se situarán na zona de servidume de leitos nin na zona de fluxo preferente, e preferentemente fora das zonas inundables.*
*14.- No caso de que coa execución das obras haxa ocupación provisional ou definitiva de parcelas alleas precisarase acordo cos seus titulares.*
*15.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.*
*16.- As obras deberán estar rematadas no prazo de VINTE E CATRO (24) MESES, a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, extinguíndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido este prazo. No caso de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar PRÓRROGA con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.*
*17.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno."*
- Consta no expediente a autorización de la Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), por estar a construción na zona de afección da Estrada LU-122 Paraxes (LU-120)- Lourenzá (N-634) no punto kilométrico 32,00 marxe esquerda, de data 20/05/2021, na que se sinalan as condicións tanto xerais como

particulares que deberán cumprirse e que literalmente son as seguintes:
*“A)<u>CONDICIÓNS PARTICULARES.</u>*
*1.- Non se permitirán os acopios de materiais na zona de dominio publico.*
*2.- Os traballos solicitados non poderán modificar as condicións de drenaxe da estrada.*
*3.- Durante a execución das obras deberán evitarse os arrastres de materiais ata a calzada ou ata os elementos de drenaxe da estrada, debendo retirar estes <u>de</u> <u>inmediato</u> si se producisen accidentalmente.*
*4.- Durante as obras deberán manter limpa, en todo momento a zona de circulación, para garantir a seguridade vial dos usuarios da estrada.*
*5.- As obras autorizadas deberán ser executadas no prazo máximo de doce meses, a contar desde o día seguinte á data desta resolución. Transcorrido este prazo, sen que se teña solicitado prórroga, esta autorización non terá validez nin efecto.*
*6.- Serán de aplicación as CONDICIÓNS XERAIS que se xuntan.*
<u>B) CONDICIÓNS XERAIS.</u>
*1.- A autorización outórgase a reserva das demais licencias e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non suporán en ningún caso a cesión do dominio público, nin a asunción pola administración titular de ningunha responsabilidade respecto da persoa titular da autorización ou de terceiros.*
*A Administración titular da estrada poderá, en calquera momento, modificar ou suspender temporal ou definitivamente a autorización cando a actuación produza danos no dominio público viario, por incumprimento das condicións da autorización, por poñer en risco a seguridade viaria ou cando alteren os supostos determinantes do seu outorgamento.*
*2.- Esta autorización entenderase outorgada a precario na parte que afecte á zona de dominio público.*
*As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público poderán ser revogadas unilateralmente polo órgano que as outorgou en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando sexa necesario por motivo de calquera obra que vaia realizar na estrada a administración titular desta, e quedara obrigada a persoa solicitante a retirar pola súa conta os elementos instalados.*
*As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen o aboamento á persoa interesada de calquera indemnización por razóns dos danos e perdas ocasionados pola explotación e polo uso da estrada, incluídos os causados polo tráfico ou por calquera obra realizada na estrada pola administración titular desta, incluídas as de conservación.*
*Nese caso, a reposición das obras e elementos amparados pola*

*autorización será por conta da persoa interesada.*

*3.- Se a obra, instalación ou actividade autorizada implicase a utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público das estradas de titularidade autonómica, xerará o dereito ao cobro da taxa regulada na sección V do Título II da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia ( DOG 11/12/2003), modificada pola Lei 12/20122, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG 30/12/2011) modificada á sua vez pola Lei 2/2013 de 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.*

*4.- Se para a execución da obra ou uso desta fose necesario construír un acceso á estrada, deberá solicitarse previamente a preceptiva autorización deste Servizo.*

*5.- As obras executaranse conforme ó proxecto presentado para a obtención da autorización, no seu caso, e de acordo coas condicións desta.*

*6.- Non se poderán iniciar as obras sen que o persoal deste Servizo recoñeza a súa conformidade co seu replanteo. Para isto, o interesado deberá comunicar, cunha antelación mínima de dez (10) días, a data que prevea para dita operación. Estenderase unha acta de conformidade ou, no seu caso, deixarase constancia dos reparos oportunos, coa concesión do prazo necesarios para a súa corrección. A acta de conformidade do replanteo implicará o permiso definitivo de iniciación das obras.*

*7.- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal integrado neste Servizo. As obras executaranse cumprindo todas as condicións de garantía e seguridade polas disposicións vixentes e , ademais destas, o peticionario aceptará as especiais que se poidan impoñer para a seguridade da estrada e do tráfico.*

*8.- A Administración competente poderá dispoñer, sen máis trámites, en resolución motivada, a inmediata paralización das obras e a suspensión dos usos non autorizados ou que non se axuden ás condicións establecidas nas correspondentes autorizacións outorgadas por ela.*

*9.- As obras efectuaranse sen interromper nin dificultar o tránsito polas estradas e sen ocupar ningún dos seus elementos (calzada, beiravías, gabias...), con materiais, medios auxiliares, maquinaria ou vehículos, salvo nas circunstancias e coas prescricións que expresamente se indiquen nas condicións particulares.*

*10.- Durante a execución das obras adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calquera outros materiais á plataforma ou gabias da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos om maquinaria que participe nas obras ou por calquera outra causa.*

*11.- Aparte da que poida ser autorizada nas condicións particulares, durante a execución das obras non poderá establecerse ningunha outra sinalización que afecte á circulación pola estrada sen a expresa*

*autorización escrita deste Servizo.*
*12.- O persoal deste Servizo recoñecerá a terminación das obras. Para estes efectos, o interesado comunicará, cunha antelación mínima de dez (10) días, a data que prevea para dita operación. Estenderase unha acta de conformidade, ou , no seu caso, faranse constar as obxeccións oportunas,concedéndose o prazo proporcionado para a súa corrección. A acta de conformidade implicará o permiso de uso das obras, actividades ou instalacións.*
*13.- O titular da autorización será responsable de todos os danos e prexuízos ocasionados á estrada, á súa zona de influencia, a terceiros ou na súa propia actividade, con motivo da realización da obra, actuación ou instalación autorizada, quedando obrigado a repoñer, ó seu cargo, os elementos da estrada que resulten afectados pola execución das obras, restituíndoos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.*
*14.- A autorización producirá efectos mentres permaneza o obxecto determinante do seu outorgamento e será transmisible previa notificación do cambio de titularidade a este Servizo.*
*No caso das autorizacións para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público, o prazo máximo da autorización será de dez anos. Antes de que transcorra o prazo da autorización, a persoa titular poderá solicitar a súa renovación, que se tramitará como unha nova autorización adaptada, se é o caso,á normativa vixente nese momento.*
*15.- O titular da autorización será responsable das operacións de conservación e mantemento requiridas pola obra, actuación ou instalación obxecto de autorización, e que sexan necesarias para garantir a salubridade, accesibilidade, seguridade e funcionalidade menoscabadas como consecuencia do uso destas.*
*16.- O incumprimento de calquera das condicións impostas nesta autorización poderá ser considerada como infracción leve, grave ou moi grave, segundo o artigo 61 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e dará lugar á tramitación do expediente sancionador que proceda.”*
- Figura tamén no expediente a declaración responsable presentada polo solicitante a este servicio provincial con data 22/03/2021 por ter caducado a autorización concedida por Resolución de 20/05/2021.
- Nesta licencia figuran unha serie de obras que non son obxecto desta licencia e que para obter a correspondente licencia municipal faise necesario que o promotor presente a memoria que no seu día enviou a Augas de Galicia para que ese organismo emitira a autorización citada.
- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesitan Proxecto Tecnico.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do

imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar noventa euros (90,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en tres mil céntimos (3.000,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

| **Expediente 352/2020.SOLICITUDE LICENCIA Dª. Mª JOSE COLDEIRA FERREIRA, REFORMA E ACONDICIONAMENTO DE GARAXE** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por **Dª. MARÍA JOSÉ COLDEIRA FERNÁNDEZ, con NIF.**** 3735-S, con domicilio no lugar de Lanzós núm. 13, parroquia de Santo Adrao, con data 09/07/2020 sendo rexistrada de entrada co núm. 1277 para a realización dos traballos consistentes en REFORMA E ACONDICIONAMENTO DE GARAXE, sito no lugar de Lanzós núm. 13, parroquia de Santo Adrao, na parcela Núm. 2948 do Polígono núm. 9 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur, con Referencia Catastral 27027C009029480000DX, no territorio histórico do Camiño de Santiago Norte-Ruta da Costa, na marxe esquerda do punto kilométrico 0+575 da Estrada LU-P-2801 de Santo Tomé (LU-122)-Augaxosa-Mazo (LU-124) e na zona de policía dos regatos innominados, para o que acompaña proxecto básico (sen visar) de data Maio/20, redactado polo arquitecto D. Oscar López Alba, Colexiado núm. 2576 do COAG.**

**Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:**

**1.- A autorización da obra solicitada.**

**2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 27/05/21 a saber:**

**- Estrita suxeición ao solicitado.**

**- Normativa aplicable: Solo Rústico de Protección Agropecuaria.**

**-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.**

**Os traballos de retirada da uralita existente no citado garaxe deberán ser realizados por unha empresa inscrita no Rexistro de empresas con risco de amianto, que contará con un plan de traballo e unha solicitude de admisión de residuos para o tratamento da uralita unha vez retirada, todo elo de acordo co disposto no R.D. 396/2006 de 31 de marzo polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde**

**aplicables ós traballos con riscos de exposición de amianto.**
**- Deberán cumprirse as condición xerais e particulares que figuran na Resolución favorable do organismo autónomo de Augas de Galicia, *Expediente* DH.W27.73476, de data 21/04/2021, que literalmente, son as seguintes:**
*"__A.-XERAIS:__*
*1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.*
*2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.*
*3.-Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.*
*4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.*
*5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.*
*6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.*
*7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.*
*8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.*
*__B.-PARTICULARES:__*
***1.- As obras consistirán na execución do Proxecto Básico de reforma e acondicionamento de garaxe no predio con referencia catastral 27027C009029480000DX, no lugar de Lanzós, na parroquia de San Adriano, no Concello de Lourenzá( Lugo).***

*No proxecto mantense o perímetro orixinal salvo o garaxe orixinal para permitir un mellor acceso á parte posterior da leira e que en todo caso supón unha mellora do conxunto edificatorio, ao aumentar as súas condicións de illamento.*
***Diminúese a súa altura para realzar e poñer en valor o volume da vivienda, quedando a súa altura baixo as xanelas de planta alta, porque a anterior edificación ocultaba case totalmente esta fachada, obrigou a cegar unha das xanelas e limitaba a traza das demais.***
*Non dispón de tabiquería interior, aínda que se destinará practicamente aos mesmos usos da edificación inicial, garaxe, almacén de leña e para gardar apeiros, ferramentas e útiles necesarios nas vivendas rurais.*
*Revestiranse as fachadas con morteiro de cemento e pintaranse igual que a vivenda de cor branca, dispoñendo as xanelas necesarias de proporción similar ás da casa, para evitar os paneis translucidos na cuberta.*
*Pola fachada posterior eliminarase o galiñeiro e no seu lugar colocarase unha pérgola e axardinarase a contorna para completar a imaxe exterior deste conxunto edificatorio rural.*
*A superficie útil do garaxe será de 134,69 m2 e a superficie construía será de 142,24 m2.*
*As obras situaranse a marxe dereita da zona de policía de dos regos innominados, a unha distancia duns 25  e duns 72 m.*
***2.- A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos (5 m. medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias), quedando en todo caso expedita.***
*3.- Para a realización dos traballos non se invadirán nin se vadearán os leitos públicos con maquinaria.*
*4.-Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas de vexetación de ribeira, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de bacía.*
*5.-Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas, polo que as obras se executarán en condicións climatolóxicas favorables. No caso de seren necesarios durante a execución das obras, instalaranse sistemas físicos-barreiras que impidan os arrastres de terras e/ou materiais de obra cara os leitos.*
*6.-De xeito xeral, as obras non poderán alterar o réxime hidrolóxico da zona e as augas discorreran polos lugares polos que o faríán de xeito natural.*
*7.- As obras solicitadas non modificarán os puntos de entrada e saída dos fluxos de aguas que poidan chegar ao predio procedentes doutros predios superiores, debendo resolverse a circulación das augas dentro do mesmo predio e sen establecer gravame a terceiros ou causar afeccións ao dominio público hidráulico.*

***8.-Durante a execución das obras e unha vez rematadas, non se deixarán materiais, amoreamentos ou residuos no leito nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable), nin en lugares susceptibles de incorporarse a él durante as enchentes ou por episodios de choivas.***
***9.-Durante a execución das obras evitaranse o vertido de produtos contaminantes cara aos leitos, na zona de servidume de leitos  ou en calquera lugar que poda ser alcanzado polas enchentes  (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable) tendo especial coidado cos maeriales de construción utilizados.***
***10.-En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais, establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de septiembre por el que se establecen los criterios de seguimiento y evaluación del estado de las aguas superficiales e las normas de calidad ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de octubre, por el que se regula la protección de las aguas subterráneas contra la contaminación y el deterioro.***
*11.- No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, estadas ou estruturas auxiliares temporais similares adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos e non se situarán na zona de servidume de leitos ,zona de fluxo preferente, e  zonas inundables.*
*12.-Esta entidade pública non será responsable da solución técnica,  e estrutural elixida polo promotor.*
*13.- Os cascallos e outros residuos procedentes da obra xestionaranse segundo a normativa aplicable. Especial precaución deberá terse co fibrocemento no caso de ter amianto, debendo xestionarse correctamente e manipularse/retirarse seguindo a normativas vixente por unha empresa autorizada.*
**14.- No caso de que coa execución das obras haxa ocupación provisional ou definitiva de parcelas alleas precisarase acordos cos seus titulares.**
***15.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando,***

***etc. ata conseguir a súa situación primitiva.***
*16.- O prazo para a realización das obras é de vinte e catro (24) MESES, contado partir do día seguinte ao da recepción desta resolución. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización a non ser que se solicite e obteña unha PRÓRROGA antes do esgotamento do prazo .*
*17.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno.”*
**- Consta no expediente a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de data 17/02/2021, Expediente 2020/1545, *no que se AUTORIZAN, literalmente: ”As obras de reforma e acondicionamento de garaxe, no lugar de Lanzós núm.13 (ref. cat. 27027C00902948) no concello de Lourenzá, de acordo co cumprimento das condicións indicadas no punto 2.2 e 3.2 do informe e que son:***
*a) As canles serán de aceiro galvanizado acabado natural, ou aluminio acabado na mesma con gris escuro de panel sandwich da cuberta.*
*b) Os encontros entre vertentes no cumio, o encontro das vertentes co paramento vertical e cos parapetos de cuberta resolveranse co propio material de cubrición, aluminio lacado en gris escuro acabado mate.*
*c) A nova carpintería exterior será sinxela, sen ornamentos, na cor das carpinterías da vivenda principal. Se fose preciso colocar elementos para o escurecemento do ocos, elixirase preferentemente contras interiores de forma semellante á vivenda principal. Non se consideran axeitadas as persianas exteriores por non ser unha tipoloxía tradicional da zona, de ser imprescindibles colocaranse ao interior.*
*d) Na porta de acceso oeste semella máis axeitado o emprego da madeira como material de acabado, dándolle un aspecto máis nobre á entrada peonil da edificación. O seu deseño será sinxelo e sen molduras, con acabado natural ou pintada en branco mate. Outra opción admisible sería tratala como unha ventá, con carpintería de aluminio lacado en branco mate con un pano único de vidro.*
*e) A porta de acceso para vehículos da fachada leste, poderá ser de madeira ou aluminio, cun deseño sinxelo, sen molduras nin acanaladuras, para acadar este obxectivo recomendase recorrer a portas de dobre folla de apertura abatible de eixo vertical ou portas basculantes, que permiten unha maior dimensión dos panos de pregue e polo tanto superficies máis lisas. No caso de escoller unha porta de madeira, admitiríase un acabado natural ou pintado en branco mate, no caso de recorrer o aluminio este será acabado branco mate ou satinado.*
*f) De apareceren restos arqueolóxicos no transcurso das actuacións, comunicarase de contado á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural desta Consellería que indicará as medidas protectoras e correctoras que*

*estime oportuno adoptar.*

**- Consta no expediente informe favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural, Servicio Infraestruturas de Lugo, de data 27/10/2020, no que literalmente consta:**

***"As actuacións pretendidas de reforma e acondicionamento de garaxe, non supoñen un menoscabo dos resultados do proceso concentrador, interese fundamental deste servizo, dado que afectan unicamente a unha edificación e non á parcela sobre a que se ubica, polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo non existe impedimento para a execución das obras solicitadas e a estes solos efectos se informan favorablemente as actuacións pretendidas.***

***O presente informe emítese sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos para este tipo de actuacións, en particular o relativo ás rehabilitacións e ampliacións de construcións de carácter tradicional contempladas no artigo 40 da Lei 2/2016 e 63 do Decreto 143/2016,o que corresponderá ao órgano competente para conceder a licenza que puidese corresponder."***

**- Consta expediente de autorización da Exma. Diputación Provincial de data 24/07/2020, Referencia 402/2020, por estar situada a edificación no punto kilométrico 0+575, marxe esquerda da Estrada LU-P-2801 "Santo Tomé (LU-122) Augaxosa-Mazo (LU-124)", na que se indican as condicións tanto xerais como especiaies que se deberán cumprir e que, literalmente, son as seguintes:**

***"A) CONDICIONES ESPECIALES.***

***PRIMERA.- Se autorizan las obras de reforma y acondicionamiento del garaje por estar situada dicha edificación a distancia superior a la línea límite de edificación situada a siete (7) metros desde el borde exterior de la calzada y a distancia superior a 10 m. del eje de la vía provincial, medidos en horizontal y perpendicular al mismo, según definición del art. 41 de la Ley 8/2013 de Carreteras de Galicia, y Acuerdo del Pleno de esta Diputación de 30/04/2019 (BOP. Lugo núm.255 de 07/11/2019).***

***SEGUNDA.- La ejecución de cualesquiera obras (accesos, salvacunetas) instalaciones (canalizaciones subterráneas, conducciones aéreas…) o cualquier otra actividad(plantación…) no expresamente comprendidas en la presente autorización, situadas a distancia inferior a la de afección de la vía provincial,***

***según definición del art. 40 de la Ley 8/2013 de 28 de junio, de Carreteras de Galicia, y que resulte a 32 m. del borde asfaltado, deberán ser objeto de autorización mediante presentación por el interesado de solicitud en la que conste descripción detallada de las características , dimensiones, materiales de la situación actual y distancia al borde exterior de la calzada, así como de las actuaciones que se pretenden realizar.***

***<u>TERCERA.-</u> Cualquier instalación provisional (andamios, grúas, vallas, señales) que pudieran afectar a la zona de dominio público o servidumbre, según definición de los artículos 37,38 y 39 de la Ley 8/2013 de Carreteras de Galicia, y que resulte a distancia inferior a 4 m. del borde asfaltado, deberán ser objeto de solicitud por el interesado, indicando los metros de frente a la vía provincial y distancia al borde del firme y eje de la carretera, así como plazo previsto de ocupación de la misma.***

***<u>CUARTA.-</u> La presente autorización se otorgará a reserva de las demás licencias y autorizaciones necesarias sin perjuicio de terceros y dejando a salvo los derechos preexistentes sobre los terrenos o bienes.***

***<u>QUINTA.-</u> Las actuaciones podrán ser inspeccionadas en todo momento por el personal de la administración titular de la carretera o de la que otorgó la autorización.***

***<u>SEXTA.-</u> Durante la ejecución de las obras, éstas deberán estar debidamente señalizadas para evitar posibles accidentes a los usuarios de la vía provincial.***

***<u>SÉPTIMA.-</u> Las tasas se devengarán preceptivamente y obligatoriamente en su totalidad antes del inicio de obra, facultad que otorga a esta Diputación el art. 9 de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Autorizaciones de obras y otros aprovechamientos situados en zonas contiguas a las carreteras provinciales, BOP. 258 de 10/11/1995 y el art. 6 de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por la utilización privativa o aprovechamiento especial bienes de dominio público provincial BOP. 261 de 13/11/1998) y la Ley Reguladora de las Haciendas Locales. Lo establecido en la Ley 58/2003 de 17 de diciembre, General Tributaria en su art.62. Plazos para el pago, no habilita la presente autorización mientras no se hayan satisfecho las preceptivas tasas.***

***<u>OCTAVA.-</u> Deberá comunicar por escrito la fecha de inicio de las obras con una antelación de diez (10) días con el fin de poder llevar a cabo un seguimiento de las mismas por el personal adscrito a Vías y Obras. Las obras deberán hallarse terminadas en el plazo de Doce (12) meses contados a partir de la fecha de la notificación. El incumplimiento de las referidas condiciones significa la nulidad de la autorización, pudiendo dar lugar al***

***correspondiente procedimiento sancionador y responsabilidades que se pudieran detraer.***
***B) CONDICIONES GENERALES.***
***Primera.- La persona que se halle al frente de las obras deberá tener en su poder esta autorización o una fotocopia de la misma, con la obligación de presentarla al personal encargado de la vigilancia de la vía.***
***Segunda.- Se prohíbe depositar sobre la vía afectada materiales o escombros con motivo de estas obras.***
***Tercera.- Esta autorización se otorga en precario, dejando a salvo el derecho de propiedad y sin perjuicio de otras competencias concurrentes o autorizaciones sectoriales necesarias.***
***Cuarta.- La conservación de las obras objeto de esta autorización en el debido estado de uso será de cuenta del concesionario.***
***Quinta.- El incumplimiento de cualquiera de las precedentes condiciones lleva consigo la nulidad de esta autorización y la consiguiente demolición de las obras, por cuenta del usuario de las mismas.***
**- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.**
**Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar mil cento dez euros (1.110,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en trinta e sete mil euros (37.000,00.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

**Expediente 452/2020. SOLICITUDE LICENCIA D. PEDRO SÁNCHEZ GEADA. PINTURA NAVE AGRÍCOLA**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. PEDRO SÁNCHEZ GEADA con NIF.****3551S, con domicilio en Pazo de Tovar núm. 3, parroquia de Santo Tomé, con data 20/07/2020 e que tivo entrada nas oficinas municipais o día 27/08/2020, sendo rexistrada de entrada co núm. 1580, para a realización dos traballos consistentes en PINTURA DE NAVE AGRÍCOLA, na mesma cor que a vivenda colindante, sita no lugar de Pimento núm.10, parroquia de San Adriano, na parcela con Referencia Catastral 002100100PJ41A0001HZ, e dentro do dominio público hidráulico do río Batán. Acompañase presuposto da obra a realizar.**

**Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:**
**1.- A autorización da obra solicitada.**
**2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 03/06/21 a saber:**
**- Estrita suxeición ao solicitado.**
**- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural de Igrexa, San Adriano.**
**-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.**
**- As obras solicitadas consisten no pintado de nave agrícola.**
**- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesitan Proxecto Técnico.**
**- Consta no expediente a declaración responsable remitida por Augas de Galicia con data 29/09/2020, considerando o técnico que é suficiente xa que se trata dunhas obras menores que se inclúen na orde de 18/02/2020 da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sinalándose que se detecta un erro xa que figura o lugar das obras en Pimento 10, parroquia de Santo Tomé cando dito barrio pertence á parroquia de San Adriano.**
**- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.**
**Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar doce euros con sesenta e cinco céntimos (12,65) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en catrocentos vinte e un euros con cincuenta céntimos (421,50). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

| **Expediente 456/2020. SOLICITUDE LICENCIA D. MAMED ANELLO BARREIRA PARA PINTURA EXTERIOR** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. MAMED ANELLO BARREIRA con NIF. NÚM.****6705N, con domicilio no lugar de O Pedrón núm.2, parroquia de Santa María (Lourenzá) con data 07/08/2020, sendo rexistrada de entrada co núm. 1488, para a realización dos traballos consistentes en PINTURA EXTERIOR DE VIVENDA ,sita no lugar de Maderne núm. 2, parroquia de Santa María, na parcela con Referencia Catastral**

**001805000PJ31F0001MH, na parcela 480 do polígono 2 da Zona de Concentración de Lourenzá Norte e punto kilométrico 0,200 da estrada provincial LU-P-2804 Pedrón a Cazolga.**
**Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:**
**1.- A autorización da obra solicitada.**
**2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 03/06/21 a saber:**
**- Estrita suxeición ao solicitado.**
**- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural de Maderne.**
**-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.**
**- As obras solicitadas consisten na limpeza de paredes exteriores, limpeza e revisión de canalóns, reparación de grietas, pintar cintas de pedra de zócalos e chimeneas así como aplicar pintura impermeabilizante de exteriores sen determinar color.**
**- Consta no expediente unha declaración xurada presentada polo promotor ante o Servicio de Vías e Obras da Deputación Provincial de Lugo, con data 14/08/2020 por encontrarse a vivenda na zona de afección da estrada provincial LU-P-2804 que une o Pedrón con A Cazolga, sendo suficiente dita declaración tal e como se recolle na Lei 7/2019 de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que no seu artigo 21 modifica a Lei 8/2013, de 28 de xuño de estradas de Galicia.**
**- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesitan Proxecto Tecnico.**
**- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.**
**Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento corenta e tres euros con dez céntimos (143,10) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en catro mil setecentos setenta euros (4.770,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

**Expediente 459/2020. SOLICITUDE DE LICENCIA Dª NATALIA ROMERO LÓPEZ PARA SUBSTITUCIÓN CARPINTERIA, ENFOSCADO, PINTADO E PASO SALVACUNETAS**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por **Dª. NATALIA ROMERO LÓPEZ con NIF. NÚM.****0622Y, con domicilio no lugar de Casanova núm.1, parroquia de Santo Tomé (Lourenzá) con data 06/08/2020, sendo rexistrada de entrada co núm. 1471 para a realización dos traballos consistentes en OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE CARPINTERÍA EN VIVENDA E ENFOSCADO e PINTURA DE ALMACENS EXISTENTES E PASO SALVACUNETAS PARA ACCESO A VIVENDA , sita no lugar de Casanova núm. 1, parroquia de Santo Tomé, na parcela con Referencia Catastral 001903100PJ31B0001EE e no trazado do Camiño de Santiago Norte-Ruta da Costa e no contorno de protección do Castro de Rigueira para o que acompaña Memoria Valorada das obras a realizar, redactada por Dª. Angeles Moirón Fernández, arquitecta técnica colexiada núm. 621 do COAAT de Lugo de data Jullo/2020.**

**Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:**

**1.- A autorización da obra solicitada.**

**2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 27/05/21 a saber:**

**- Estrita suxeición ao solicitado.**

**- Normativa aplicable: Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural (NRT 15 Iglesia-Santo Tomé).**

**-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.**

**- Deberanse ter en conta as condicións establecidas no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de data 18/12/2020, Expediente 2020/1629, no que se AUTORIZA a execución das obras menores no lugar de Casanova núm.1 (Lourenzá) de acordo co cumprimento das condicións establecidas no punto 2.2 da Resolución e que literalmente son:**

***"Estudada a documentación presentada e tendo en conta a normativa citada e as características do ben afectado, conclúese que as obras solicitadas, sen prexuízo de terceiros e do cumprimento do resto do ordenamento vixente, son COMPATIBLES coa protección do patrimonio e conservación dos valores do Camiño, co cumprimento das seguintes condicións:***

*a) A nova carpintería exterior será sinxela, sen ornamentos e de madeira, con acabado natural ou pigmentada – aplicándolle un lasur pigmentado ou pintándoa con pintura de acabado mate- dunha cor escollida de entre as recomendadas para a zona na ficha R01 do Tomo*

*XII: GAP A Mariña-Baixo Eo da Guía de Cores e Materiais de Galicia, sempre axustándose ás de emprego habitual na área. Na súa xeometría, as carpinterías, especialmente as portas, deberán axustarse ós criterios de sinxeleza e discreción propios da construción tradicional, prohibíndose tipoloxías que presenten molduras ou patróns decorativos. Prohíbese tamén o emprego de encristalamentos que simulen a división do vidro en pezas máis pequenas que as reais.*
*b) Os muros de fábrica de bloque enfuscaranse cun morteiro acabado liso e mate ,sen árido engadido visible nin texturas decorativas. O seu espesor mínimo será de 1,5 cm. Para evitar o "espectro de xunta". A súa superficie pintarase dunha cor escollida das recomendadas para fachadas na área na ficha R01 do Tomo XII: GAP A Mariña-Baixo Eo da Guía de Cores e Materiais de Galicia.*
*c) A pavimentación de formigón dos pasos das cunetas realizarase cunha calidade de acabado acorde para quedar vista na forma dunha pequena lousa, rematando os sus bordes e alisando a súa superficie. Instalarase un mínimo armado de pel para evitar a sua disgregación."*
**- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesitan Proxecto Tecnico.**
**- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.**
**Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar douscentos cincuenta e sete euros con trinta e seis céntimos (257,36) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en oito mil cincocentos setenta e oito euros con oitenta e dous céntimos (8.578,82). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

**Expediente 476/2020. SOLICITUDE LICENCIA D. CEANO CUADRADO VILLARINO. PINTADO FACHADAS**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. CEANO CUADRADO VILLARINO, con NIF.****7338A, con domicilio en O Currillón núm. 3, parroquia de San Adriano, con data 14/09/2020 sendo rexistrada de entrada co núm. 1682, para a realización dos traballos consistentes en PINTADO DE FACHADAS DE VIVENDA sita no lugar de Currillón núm. 3, parroquia de San Adriano, con Referencia Catastral 002103000PJ41A0001SZ, na zona de dominio público hidráulico e zona de policía do Rego de Polvoreiro, para o que acompaña presuposto das obras a realizar.**

**Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:**
**1.- A autorización da obra solicitada.**
**2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 03/06/21 a saber:**
**- Estrita suxeición ao solicitado.**
**- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural.**
**-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.**
**- As obras solicitadas consisten no pintado de 150 m2 con pintura acrílica mate cor beige. Estas obras pola súa escasa complexidade non necesita proxecto técnico.**
**- Consta no expediente a declaración responsable enviada por Augas de Galicia con data 23/09/20 referente a ditas obras, para dar cumprimento á Orde de 18/02/2020 pola que se aproba o modelo de declaración responsable para a realización de actuacións menores de mantemento e conservación no dominio público hidráulico e zona de policía, como é o caso.**
**- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.**
**Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar corenta euros con cincuenta céntimos (40,50) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en mil trescentos cincuenta euros (1.350,00.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

**Expediente 58/2021. SOLICITUDE LICENCIA D. ÓSCAR COLDEIRA FERNÁNDEZ PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDA**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. OSCAR COLDEIRA FERNÁNDEZ con NIF.****6985-E, en representación de Dª. María Fernández Fernández, con NIF.***2473N, con domicilio en Lavandeira de Arriba núm. 3, parroquia de San Adriano, con data 01/02/21, sendo rexistrada de entrada co núm. 159, para a realización dos traballos consistentes en REHABILITACIÓN DE VIVIENDA (REVESTIMENTO E PINTADO DE FACHADAS) sita no lugar de Lavandeira de Arriba núm. 3, parroquia de San Adriano, coas Referencias Catastrais da parcela e vivenda**

**27027C008022870000DG, 000500900PJ40H0001GZ respectivamente, na parcela 2287 do polígono 8 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur e na zona de afección do Río Castelo.**
**Acompáñase á solicitude Memoria Valorada de data Xaneiro/2021 redactada por Oscar López Alba, arquitecto colexiado núm.2576 del COAG.**
**Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:**
**1.- A autorización da obra solicitada.**
**2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 03/06/2021 a saber:**
**- Estrita suxeición ao solicitado.**
**- Normativa aplicable: Solo Rústico de Especial Protección Agraria.**
**-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.**
**- As obras solicitadas consisten: no perímetro das ventás e hocos colocaranse espellos de pedra natural, tomados con cemento cola e coas formas habituais da comarca; revestiranse os tubos que forman a chimenea con fábrica de pedra natural, tipo taco, colocados a cara vista e asentados con morteiro de cemento; na fachada principal pintarase con pintura plástica lisa en cor branco e no resto da fachada revestirase con unha capa de terminación de morteiro acrílico de cor branco e acabado liso.**
**- Consta no expediente a comunicación de Augas de Galicia, de data 10/02/2021, pola que se informa da presentación da Declaración Responsable para a execución de ditas obras, Expediente DH.W27.75223, dentro do dominio público hidráulico e zona de policía e que dita declaración cumple co disposto no Decreto 42/2020 de 30 de xaneiro polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, no punto 6 da súa disposición adicional segunda ( actuacións menores de mantemento e conservación).**
**- Consta no expediente informe favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural, de data 01/06/2021 no que literalmente consta:**
***"As actuacións pretendidas na vivenda sita en Lavandeira de Arriba núm.3,pola súa escasa entidade non supoñen un menoscabo dos resultados do proceso concentrador dado que afectan únicamente a unha construcción e non á parcela na que se ubica, polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas***

***Agrarias non se formula oposición, sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos, o que corresponderá ao órgano competente para conceder a licenza que puidese corresponder."***

**- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.**

**Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento oitenta e dous euros con noventa e dous céntimos (182,92) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en oitocentos trinta e sete euros con setenta e cinco céntimos (6.097,42.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

**Expediente 75/2021. SOLICITUDE LICENCIA D. JAVIER HUERTAS OTERO. DESCUBRIR E VOLVER A CUBRIR "BUHARDILLAS"**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Neste momento auséntase da sesión o Concelleiro Sr. Huertas Otero.

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. JAVIER HUERTAS OTERO con NIF.****1327P, con domicilio no lugar de Villapol núm. 3, parroquia de Santa María, con data 02/02/2021, sendo rexistrada de entrada co núm. 178, para a realización dos traballos consistentes en DESCUBRIR E VOLVER A CUBRIR BUHARDILLAS EN VIVENDA sita no lugar de Villapol núm. 3, parroquia de Santa María, con Referencia Catastral 001804700PJ31F0000XG, no punto kilométrico 2,7, marxe esquerda da estrada provincial LU-P2804 Lourenzá - Cazolga. Acompáñase presuposto das obras a realizar**

**Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:**

**1.- A autorización da obra solicitada.**

**2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 10/06/21 a saber:**

**- Estrita suxeición ao solicitado.**

**- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural- Área de influencia.**

**-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.**

**- Consta no expediente a declaración responsable enviada á**

**Deputación Provincial de Lugo o 05/02/2021 xa que as obras encóntrase na zona de afección da estrada provincial LU-P-2804 que une Lourenzá con A Cazolga e ao tratarse de obras menores de conservación e mantemento da citada vivenda tal e como se recolle no Decreto de data 26/07/2019 de dito organismo provincial.**
**-Consta no expediente informe favorable do Servicio de Infraestructuras Agrarias de Lugo, de data 04/06/2021 no que literalmente consta:**
***"As actuacións pretendidas en vivenda sita en Villapol núm.3,pola súa escasa entidade non supoñen un menoscabo dos resultados do proceso concentrador dado que afectan unicamente a unha construción e non á parcela na que se ubica, polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias non se formula oposición, sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos, o que corresponderá ao órgano competente para conceder a licenza que puidese corresponder."***
**- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesitan Proxecto Tecnico.**
**- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.**
**Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cincuenta e catro euros (54,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en mil oitocentos euros (1.800,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**
**Neste momento incorpórase á sesión o Concelleiro Sr. Huertas Otero.**

| **Expediente 154/2021. SOLICITUDE LICENCIA D. EDUARDO JOSÉ REIGOSA BRAÑA. REHABILITACIÓN CUBERTA DE HÓRREO** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. EDUARDO JOSE REIGOSA BRAÑA con domicilio en Fonte do Cura núm.5 (Santo Tomé -Lourenzá) con NIF. NÚM.****7496T, con data 02/03/2021 sendo rexistrada de entrada co núm.2021-E-RC-71, para a realización dos traballos consistentes en OBRAS DE REHABILITACIÓN DE CUBERTA DE HÓRREO sito no lugar de Fonte do Cura núm.5, parroquia de Santo Tomé, nas parcelas con**

**Referencias Catastrais 001904200PJ31B0001YE e 27027C009030110000DG, na zona de influencia da estrada provincial LU-P-2801 de Santo Tomé a Augaxosa-Mazo, marxe esquerdo, punto kilométrico 0,20 e no trazado do Camiño de Santiago Norte-Ruta da Costa ademais de estar situada tamén no contorno de protección de varios elementos catalogados no Plan Básico Autonómico como  a Fonte e Lavadoiro do Cura, antiga Casa Reitoral de Santo Tomé e Casa na estrada LU-131 en Igrexa II.**

**Acompáñase á solicitude unha Memoria valorada de data febreiro 2021, redactada pola arquitecta Dª. Mayte Vidal Lourido, colexiada núm. 4088 do COAG.**

**Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:**

**1.- A autorización da obra solicitada.**

**2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 03/06/21 a saber:**

**- Estrita suxeición ao solicitado.**

**- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural.**

**-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.**

**- Consta no expediente a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, de data 26/04/2021, Expediente 2021/0616, na que se AUTORIZAN, literalmente :** ***”as obras de rehabilitación de cuberta de cabazo en Fonte do Cura núm.5, parroquia de Santo Tomé, Concello de Lourenzá(Lugo), segundo memoria valorada elaborada en febreiro de 2021 de acordo co cumprimento das condicións indicadas no punto 4.3 desta Resolución e que son:***

***“a) Cando se retiren materiais, procederase á recuperación e almacenaxe do maio número posible de materiais orixinais.***

***b) A limpeza da pedra farase manualmente con cepillo de cerdas vexetais, empregando auga e xabón neutro, respectando as pátinas existentes e sen eliminar os liques. Non se empregaran herbicidas sobre as pedras nin outras substancias químicas que poidan danalas. De constatarse deficiencias na pedra que comprometan a seguridade estrutural, procederase a consolidar os muros utilizando as técnicas orixinais. Manterase a revocadura en tons ocres característica das comarcas de Ribadeo e Mondoñedo.***

***c) As actuacións de conservación ou restauración de***

***hórreos realizaranse preferentemente utilizando os materiais e técnicas construtivas tradicionais que corresponda a cada tipoloxía. O material de cobertura será o tradicional do lugar, a lousa irregular. A reconstrución dos faldróns realizarase coa maior recuperación posible das pezas de lousa orixinais.***

***d) O cumio resolverase mediante a solución tradicional predominante na zona , con preferencia da solución actual, de ser o caso. Non se admite a colocación de lima metálica.***

***e) Valorarase o estado previo de elementos existentes de madeira, especialmente dos elementos principais, cuxa recuperación será preferible á súa substitución. Os elementos da estrutura de madeira que se deban substituír manterán a mesa escuadría. En xeral, na reconstrución da cuberta empregaranse as técnicas e métodos tradicionais que se teñan estudado e que se documenten no propio hórreo(mesmas dimensións, lonxitude dos beirís da cuberta, pendentes dos faldróns, etc.). Recuperaranse os elementos pétreos ornamentais de forma piramidal da cuberta (turulecos); se o seu grao de deterioracións fai precisa a súa substitución, realizaranse por elementos coas mesma posición, forma, dimensións, material e cromatismo cos orixinais.***

***f) De precisar substituír pezas de peche de madeira, manterán a composición, dimensión de táboa e despece dos sistema tradicionais. De precisar actuar na cámara, a súa montaxe farase co máximo rigor, colocando cada peza na mesma posición e cos mesmos materiais de unión que tiña orixinalmente. Empregaranse ferraxes cun acabado mate e sen brillos.***

***g) O peche da finca coincidente coa base do hórreo deberá ter un carácter axeitado en relación con este elemento patrimonial, sen que resulte admisible manter o bloque de formigón sen revestir e a chapa metálica na súa cor natural, polo que deberán realizarse as actuacións precisas para dignificar este elemento. Enténdese preferente a substitución da cancela por outra realizada en materiais tradicionais. En calquera caso, o modelo que elixa será sinxelo, sen ornamentos, sen molduras, elixindo cores entre as tradicionais da zona, cun acabado mate e sen brillos.***

***h) No caso de que existan datos que indiquen que pola súa antigüidade, o hórreo, segundo o artigo 92.1 da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia, ten consideración de ben de interese cultural, será necesaria a elaboración dun proxecto de intervención e unha memoria final de execución, cumprindo os termos indicados no artigo 43 desta lei.***

***i) Ao remate das obras, remitirase a esta Dirección Xeral a***

***documentación gráfica do proceso seguido, coa descrición pormenorizada da obra executada e dos tratamentos aplicados.***

***j) Durante as obras non se interromperá o paso dos peóns, debendo adoptar as medidas precisas para que se transite con seguridade."***

**- Así mesmo consta no expediente a declaración responsable de data 16/03/21 dirixida á Exma. Deputación Provincial o día 23/03/2021 con núm. 280 de saída, tal e como se menciona no informe técnico, e por estar situado o hórreo na zona de influencia da Estrada Provincial LU-P-2801 de Santo Tomé a Augaxosa-Mazo, punto kilométrico 0,20 da marxe esquerda.**

**- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.**

**Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar noventa e sete euros con setenta e sete céntimos (97,77) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en tres mil douscentos cincuenta e nove euros con doce céntimos (3.259,12.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

**Expediente 550/2020. DECLARACIÓN RESPONSABLE APERTURA PELUQUERÍA ESTÉTICA Dª MAGALY SILVA MUÑOZ**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto o expediente tramitado a instancia de Dª. MAGALY SILVA MUÑOZ con D.N.I. nº ****3465X con domicilio en Secretario Luis Iglesias núm. 11 da Parroquia de Santa María do Termo Municipal de Lourenza, quen solicita a regulamentaria licencia para abrir ao público un establecemento que haberá de dedicarse á actividade de "PELUQUERIA E ESTÉTICA" cuxo local está situado na rúa Secretario Luis Iglesias, núm. 11 da Parroquia de Santa María deste termo municipal.

Visto o informe favorable do técnico Municipal de data 23/10/2020.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito da licencia que se pretende, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria por unanimidade, ACORDA:

Conceder a licencia que se solicita así como aprobar a liquidación das taxas municipais, que figura no expediente, cuxo importe ascenderá á cantidade de setenta e oito euros con dezaoito céntimos (78,18), que deberá ser ingresada previamente en arcas municipais, sen cuxo requisito a licencia non terá efecto algún.

**Expediente 18/2021.APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PREGOS DE**

| **CONDICIÓNS DA OBRA MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE MASMA-PENA-TIAGONCE, PISTA POUSADA, RÚA REGO VILAZO E ENTORNO FEIRA VELLA". PLAN ÚNICO 2021** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto que o Pleno da Deputación de Lugo con data 29/12/2020, aprobou o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021.
Visto que en dito plan figura incluído, entre outras, a execución da obra denominada “MELLORA DE VIAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE MASMA-PENA-TIAGONCE, PISTA POUSADA, RÚA REGO VILAZO E ENTORNO FEIRA VELLA”, segundo proxecto redactado polo Arquitecto D. Carlos Centenera Baños, colexiado núm. 597 do C.O.A.G. cun presuposto de execución por contrata de CENTO TRINTA E UN MIL CATROCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (131.432,32).
Visto que con data 22/06/2021 foron redactados os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas, que rexerán a adxudicación do contrato para a execución da obra “MELLORA DE VIAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE MASMA-PENA-TIAGONCE, PISTA POUSADA, RÚA REGO VILAZO E ENTORNO FEIRA VELLA”
A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:
PRIMEIRO,- Aprobar que sexa o procedemento aberto simplificado a forma de adxudicación da obra “MELLORA DE VIAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE MASMA-PENA-TIAGONCE, PISTA POUSADA, RÚA REGO VILAZO E ENTORNO FEIRA VELLA”,, cun presuposto de cento trinta e un mil catrocentos trinta e dous euros con trinta e dous céntimos (131.432,32), o prezo certo anterior queda desagregado nun valor de cento oito mil seiscentos vinte e un euros con setenta e cinco céntimos (108.621,75) máis vinte e dous mil oitocentos dez euros con cincuenta e seis céntimos (22.810,56) euros de I.V.E.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirán o contrato de ditas obras por procedemento aberto simplificado e que se incorporan ao expediente.

TERCEIRO.- Publicar o anuncio de licitación no Perfil do Contratante da páxina Web do Concello de Lourenzá así como na Plantaforma de Contratación da Xunta de Galicia a efectos de presentación de proposicións para a adxudicación da obra.

CUARTO.- Designar a D. Francisco Damián Pérez Rodríguez, Arquitecto Técnico do Concello como unidade técnica co fin de auxiliar ao órgano de contratación.

QUINTO.- Designar a D. Francisco Damián Pérez Rodríguez como Director da obra.

SEXTO.- Cumprir os demais trámites preceptivos ata a formalización do oportuno contrato, sen cuio trámite non poderá

iniciarse a execución da obra.

**INFORME SOLICITUDE PLAN CONCERTADO 2021 SAF DEPENDENCIA**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da Traballadora Social de data 18/06/21, no que se informa da necesidade da modificación do Proxecto Anual de Servizos Sociais Comunitarios Municipais 2021, o cal fora aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 29/04/2021, consistindo dita modificación en que no apartado da subvención solicitada á Consellería de Política Social para Axuda a Domicilio da Dependencia, deberá restarse a cantidade de 564,00 Euros e engadirse este mesmo importe con cargo ó remanente do exercicio anterior 2020 polo que o importe total da subvención solicitada non resultaría alterada e o cadro sería o seguinte:

| *PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS 2021* | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | *ACHEGA MUNICIPAL* | *CANTIDA DE SOLICITA DA XUNTA* | *REMANENTE* | *ORZAMENTO TOTAL* |
| TRABALLADORA SOCIAL | 11.082,05 | 16.815,00 | 0,00 | 27.897,05 |
| EDUCADORA FAMILIAR | 15.595,18 | 0,00 | 0,00 | 15.595,18 |
| **TOTAL PERSOAL** | **26.677,23** | **16.815,00** | **0,00** | **43.492,23** |
| MANTEMENTO | 120,00 | 480,00 | 0,00 | 600,00 |
| **MANTEMENTO** | **120,00** | **480,00** | **0,00** | **600,00** |
| AX.DOM.PRESTA.BÁSICA | 29.500,00 | 0,00 | 0,00 | 29.500,00 |
| AX.DOM.-DEPENDENCIA | 30.000,00 | 135.042,00 | 564,00 | 165.606,00 |
| **TOTAL SAF** | **59.500,00** | **135.042,00** | **564,00** | **195.106,00** |
| PUNTO ATENCIÓN INFANCIA | 50.000,00 | 25.000,00 | 0,00 | 75.000,00 |
| CENTRO SOCIAL TORREÓN | 15.500,00 | 0,00 | 0,00 | 15.500,00 |
| CENTRO DE DÍA | 20.000,00 | 0,00 | 0,00 | 20.000,00 |
| XANTAR NA CASA | 2.500,00 | 0,00 | 0,00 | 2.500,00 |
| PRESTACIÓNS ECONÓMICA COVID19 | 30,73 | 100,00 | 369,27 | 500,00 |
| **TOTAL PROGRAMAS** | **88.030,73** | **25.100,00** | **933,27** | **113.500,00** |
| **TOTAL PROXECTO 2021** | **174.327,96** | **177.437,00** | **933,27** | **352.698,23** |

A Xunta de Goberno Local unha vez visto o informe, acordou por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal a aprobación de dita modificación e a súa comunicación á Consellería de Política Social para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Expediente 198/2021. BAIXA TARXETA ESTACIONAMENTO MINUSVÁLIDOS: A.- Dª MARTINA OTERO PARDEIRO. B.- D. ANTONIO RIVAS RON**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**BAIXA NA TARXETA DE ESTACIONAMENTO DE MINUSVALIDOS.**
**A.- Dª MARTINA OTERO PARDEIRO.**
Vista a solicitude da data 30/04/21 de Dª. MARTINA OTERO PARDEIRO con D.N.I. ****2262X e con domicilio en Calvo Sotelo núm. 34, 2º B da Parroquia de Santa María do Termo Municipal de Lourenzá, na que insta a prórroga da Tarxeta de Estacionamento de Minusvalidos.
Visto o informe do Equipo de Valoración e Orientación da Sección de Cualificación e Valoración de discapacidades da Consellería de Política Social de data 19/05/21 no que sinala que Dª. Martina Otero Pardeiro non ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización de transportes colectivos.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:
PRIMEIRO.- Non conceder a prórroga da Tarxeta de Estacionamento de Minusvalidos a Dª. Martina Otero Pardeiro, en base ao informe emitido polo Equipo de Valoración e Orientación da Sección de Cualificación e Valoración de discapacidades da Consellería de Política Social.
SEGUNDO.- Notificar o presente acordo a Dª. Martina Otero Pardeiro aos efectos procedentes.
**B.- D. ANTONIO RIVAS RON**
Vista a solicitude da data 24/05/21 de D. ANTONIO RIVAS RON con D.N.I. ****7561L e con domicilio en Bodegas núm. 1 da Parroquia de San Jorge do Termo Municipal de Lourenzá, na que insta a prórroga da Tarxeta de Estacionamento de Minusvalidos.
Visto o informe do Equipo de Valoración e Orientación da Sección de Cualificación e Valoración de discapacidades da Consellería de Política Social de data 31/05/21 no que sinala que D. Antonio Rivas Ron non ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización de transportes colectivos.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:
PRIMEIRO.- Non conceder a prórroga da Tarxeta de Estacionamento de Minusvalidos a D. Antonio Rivas Ron, en base ao informe emitido polo Equipo de Valoración e Orientación da Sección de Cualificación e Valoración de discapacidades da Consellería de Política Social.
SEGUNDO.- Notificar o presente acordo a D. Antonio Rivas Ron aos efectos procedentes.

**ALTA SAF DEPENDENCIA DE DONA Mª GLORIA SANCHEZ GARCÍA**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a comunicación da Traballadora Social do Concello relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. Mª GLORIA SÁNCHEZ GARCÍA con

DNI. núm. ****1853G, con domicilio en Arroxo núm. 17 da Parroquia de Santa María deste termo, a través do sistema de Dependencia, a Xunta de Goberno, á vista do informe emitido pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Darse por enterada do alta no servizo de "Axuda no Fogar", a través do sistema de dependencia a Dª. Mª GLORIA SÁNCHEZ GARCÍA de 20 horas ao mes polo que deberá abonar corenta e catro euros con vinte céntimos (44,20) mensualmente o que supón o 2,21% da súa capacidade económica.

**ALTA SAF DEPENDENCIA DE DON FELIX NICANOR VARELA ANDIA**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a comunicación da Traballadora Social do Concello relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar de D. FÉLIX NICANOR VARELA ANDÍA con DNI. núm. ****7476A, con domicilio en o Batán núm. 1 da Parroquia de Santa María deste termo, a través do sistema de Dependencia, a Xunta de Goberno, á vista do informe emitido pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Darse por enterada do alta no servizo de "Axuda no Fogar", a través do sistema de dependencia a D. FÉLIX NICANOR VARELA ANDÍA de 32 horas ao mes polo que deberá abonar oitenta e oito euros con trinta e dous céntimos (88,32) mensualmente o que supón a 2,76 euros/hora pola súa capacidade económica.

**CAMBIO DE SAF PARA DEPENDENCIA DE DONA MªGRANADA SALVATIERRA LAMAS**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a comunicación da Traballadora Social do Concello relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. Mª GRANADA SALVATIERRA LAMAS con DNI. núm. ****2131Y, con domicilio en Ponte da Pedra núm. 35 da Parroquia de Santa María deste termo, a través do sistema de Dependencia, a Xunta de Goberno, á vista do informe emitido pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Darse por enterada do alta no servizo de "Axuda no Fogar", a través do sistema de dependencia a Dª. Mª GRANADA SALVATIERRA LAMAS de 8 horas ao mes polo que deberá abonar vinte e tres euros con trinta e seis céntimos (23,36) mensualmente o que supón a 2,92 euros/hora pola súa capacidade económica.

| CAMBIO DE SAF A DEPENDENCIA DE DONA JESUSA CARREIRAS ROMAN | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Vista a comunicación da Traballadora Social do Concello relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. JESUSA CARREIRAS ROMÁN con DNI. núm. ****1767X, con domicilio en Soutelo núm. 7 da Parroquia de Santa María deste termo, a través do sistema de Dependencia, a Xunta de Goberno, á vista do informe emitido pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:<br>Darse por enterada do alta no servizo de "Axuda no Fogar", a través do sistema de dependencia a Dª. JESUSA CARREIRAS ROMÁN de 20 horas ao mes polo que deberá abonar corenta e nove euros con vinte céntimos (49,20) mensualmente o que supón a 2,46 euros/hora pola súa capacidade económica. | |

| BAIXA DO SAF POR DEFUNCIÓN DE DONA AMADA RIVAS LEITON | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Visto informe da Traballadora Social de data 26/05/21, relativo a extinción do servizo de axuda no fogar de Dª. AMADA RIVAS LEITÓN con D.N.I. nº ****2808Q con domicilio en Campo da Feira, núm. 2, 1º C da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, por falecemento da beneficiaria, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:<br>Conceder a EXTINCION do servizo de "Axuda no Fogar" de Dª. Amada Rivas Leitón. | |

| Expediente 353/2021. CAMBIO DE TITULARIDAD DE LIXO Dª SOLEDAD PRADOS FERNÁNDEZ | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Vista solicitude núm. 965/2021 subscrita por Dª. SOLEDAD PRADOS FERNÁNDEZ, con N.I.F. núm. ****9840Y, con domicilio en Ría Ibias, núm. 2, 1º dcha, de Oviedo, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Recemil núm. 17, da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, que antes figuraba a nome de D. José Mª Garcia Leivas e para que agora figure a nome de Dª. SOLEDAD PRADOS FERNÁNDEZ.<br>A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do segundo trimestre de 2021. | |

| Expediente 352/2021. CAMBIO TITULARIDADE LIXO Dª ROSA RODDRÍGUEZ DORADO | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Neste asunto non se adoptou acordo algún por ter acordado o cambio de titularidade na Xunta de Goberno Local de data 29/01/21 e neste caso referíase a un cambio do número de conta. | |

| Expediente 483/2020. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA FACTURA DA OBRA "MELLORA INMOBLE CASA XUVENTUDE" | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Vista a factura núm. B 2021/38 de data 14/06/21 presentada por HONDIGO S.L.U. con NIF. B27220169 con domicilio social en O Campo núm. 1, Vidal de Trabada, por importe de 25.627,80 euros, IVE incluído, e referente á execución da obra denominada "MELLORA DO INMOBLE DA CASA DE XUVENTUDE E PAI DE LOURENZA", dentro dun Convenio Interadministrativo asinado coa Exma. Deputación Provincial.<br>A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria por unanimidade, ACORDA:<br>Primeiro.- Aprobar a factura núm. B 2021/38 de data 14/06/21, por importe de vinte e un mil cento oitenta euros (21.180,00.-) e un I.V.E. de catro mil catrocentos corenta e sete euros con oitenta céntimos (4.447,80.-) facendo un total de vinte e cinco mil seiscentos vinte e sete euros con oitenta céntimos (25.627,80.-) da empresa HONDIGO S.L.U. con NIF. B27220169, referente á obra denominada "MELLORA DO INMOBLE DA CASA DE XUVENTUDE E PAI DE LOURENZA".<br>Segundo.- Remitir certificación do presente acordo así como do xustificante de pago á Excma. Deputación Provincial de Lugo aos efectos procedentes. | |

| Expediente 204/2020. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS FACTURAS DAS OBRAS:"MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: "CAMIÑO Ó CARBALLAL, SANTO ADRAO." E "CAMIÑO DA IGRESA DE SANTO ADRAO A CHACOTGE E CAMIÑO DE LIÑARFES", PLAN UNICO 2020 | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| **A.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA FACTURA DA OBRA "MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS CAMIÑO Ó CARBALLAL, SANTO ADRAO"**<br>**Vista a factura núm. A21.069 de data 31/05/2021 presentada por** | |

**Construcciones Isidro Otero S.L. con NIF. B27250182, con domicilio social en Valiñadares núm 8 de Mondoñedo cun importe de trinta e catro mil cincocentos setenta e oito euros con vinte e nove céntimos (34.578,29) IVE incluído, e referente á execución da obra denominada "MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS CAMIÑO Ó CARBALLAL, SANTO ADRAO" incluída no_PLAN ÚNICO 2020 da Exma. Deputación Provincial.**

**A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:**

**Primeiro.- Aprobar a factura núm. A21.069 de data 31/05/21 por importe de vinte e oito mil cincocentos setenta e sete euros con dez céntimos (28.577,10.-) e un I.V.E. de seis mil un euros con dezanove céntimos (6.001,19.-), facendo un total de trinta e catro mil cincocentos setenta e oito euros con vinte e nove céntimos (34.578,29) da empresa CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO S.L.. con NIF. B27250182, referente á obra denominada "MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS CAMIÑO Ó CARBALLAL, SANTO ADRAO"**

**Segundo.- Remitir certificación da presente Resolución así como do correspondente xustificante de pago a Exma. Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos oportunos.**

**B.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA FACTURA DA OBRA "MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS CAMIÑO DA IGRESA DE SANTO ADRAO A CHACOTE E CAMIÑO A LIÑARES**

**Vista a factura núm. A21.060 de data 26/05/2021 presentada por Construcciones Isidro Otero S.L. con NIF. B27250182, con domicilio social en Valiñadares núm 8 de Mondoñedo cun importe de cento dez mil seiscentos once euros con catro céntimos (110.611,04), IVE incluído, e referente á execución da obra denominada "MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: CAMIÑO DA IGRESA DE SANTO ADRAO A CHACOTE E CAMIÑO A LIÑARES" incluída no_PLAN ÚNICO 2020 da Exma. Deputación Provincial.**

**Vista a certificación única e final da obra emitida polo director da obra, o arquitecto técnico D. Francisco Damián Pérez Rodríguez.**

**A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:**

**Primeiro.- Aprobar a certificación única e final, e a factura núm. A21.060 de data 26/05/21 por importe de noventa e un mil catrocentos catorce euros con oito céntimos (91.414,08.-) e un I.V.E. de dezanove mil cento noventa e seis euros con noventa e seis céntimos (19.196,96.-), facendo un total de CENTO DEZ MIL SEISCENTOS ONCE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (110.611,04) da empresa CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO S.L. con NIF. B27250182, referente á obra denominada "MELLORA DE VÍAS**

**MUNICIPAIS: CAMIÑO DA IGRESA DE SANTO ADRAO A CHACOTE E CAMIÑO DE LIÑARES” .**

**Segundo.- Remitir certificación da presente Resolución así como do correspondente xustificante de pago a Exma. Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos oportunos.**

**FACTURAS XUÑO/2021**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 18/07/2019, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF. ACREDOR | NÚM. FACTURA E DATA | CONCEPTO | IMPORTE (IVE incluído) |
|---|---|---|---|
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE ,SL CIF.B27333160 | Núm.SSPT21137 de 01/06/21 | Domingos, festivos e Sábados dependencia(104,75 horas.)l | 1.753,65 |
| SERVICIOS SOCIAS SAN ROQUE,SL CIF.B27333160 | Núm.SSPT21138 de 01/06/2021 | incidencias Dependencia (157,00 horas) | 2.277,76 |
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE,SL CIF.B27333160 | Núm.SSPT21139 de 01/06/21 | Incidencias Libre Concorrencia (2 horas) | 30,69 |
| CONCELLO DE BARREIROS CIF.P2700500H | 2021-E-RSIR-1476 de 15/06/2021 (Núm.21316) | Recollida Lixo Maio/2021 | 12.794,74 |
| ESTUDIOS INIMATEC, SLPU CIF. B27187079 | Núm. Emit-96 de 15/05/2021 | Redacción proxecto técnico Reforma Recinco ferial | 10.045,42 |
| **TOTAL** | | | **26.902,26** |

Seguidamente e de conformidade co disposto no artigo 83 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales aproado por R. Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e coa maioría do artigo 47.3 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das de Bases de Réxime Local,a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, declarou urxente o asunto seguinte referente a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde da obra de *Mantemento e Melloras Accesos á Soutelo, A Franca, Alaxe e Soutovello*, pasando a tratalo a continuación.

| ASUNTO URXENTE: APROBACÍÓN PLAN SEGURIDADE OBRA MANTEMENTO E MELLORA DOS ACCESOS A SOUTELO, A FRANCA,ALAXE,E SOUTOVELLO. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto o Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa Construcciones Cazás S.L. con C.I.F. B27010982, adxudicatario das obras de “MANTENEMENTO E MELLORA DOS ACCESOS A SOUTELO, A FRANCA, ALAXE E SOUTOVELLO”.
Visto o Informe favorable do Plan de Seguridade e Saúde emitido por D. José Enrique Cacidedo Herrero, Enxeñeiro de Camiños e Director das obras de referencia de data 22/06/21.
Visto o Real Decreto 1627/97 de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción (B.O.E. 25/10/97) e de conformidade co establecido en el artigo 7.2, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:
1º.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra “MANTENEMENTO E MELLORA DOS ACCESOS A SOUTELO, A FRANCA, ALAXE E SOUTOVELLO”.
2º Notificar o presente acordo a Construcciones Cazás S.L. para os efectos oportunos.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos